



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA  
TRINTA DE SETEMBRO DE 2020, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES/AS ASISTENTES:

SRES/AS ASISTENTES:

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros/as	D. MANUEL COSTA CARNEIRO D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO D <sup>a</sup> . MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA
Escusa asistencia:	D <sup>a</sup> . DIANA VARELA BARREIRO D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ D. JOSÉ CALDELAS GONZÁLEZ D <sup>a</sup> . MARÍA BEATRIZ AMENAL JUNQUERA D <sup>a</sup> . RAQUEL SANGIAO DURÁN D. CARLOS GARCÍA CUTRÍN D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ D <sup>a</sup> . YOLANDA VIEIRO CEBEIRO
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta cinco minutos do día trinta de setembro de dous mil vinte, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

**1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (22/07/2020).**

Dáse conta da acta do pleno celebrado o día 22/07/2020 que se aproba por unanimidade dos asistentes.

**2º.- Aprobación, se procede, da Conta Xeral do exercicio 2019.**

Dáse conta do seguinte informe da Comisión especial de contas do día 25/05/2020: unha vez formada a Conta Xeral correspondente ao orzamento do ano 2019, e rendida polo Alcalde-Presidente o 13 de maio de 2020, ao obxecto de dar cumprimento aos requisitos previstos no artigo 212 do Real decreto legislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas Locais (TRLRFL), propónse á Comisión Especial de Economía e Especial de Contas a emisión do seguinte ditame:



Primeiro.- Informar favorablemente a Conta Xeral do Orzamento de 2019 do Concello de Vedra, composta pola seguinte documentación:

Contas anuais:

- a) Balance
- b) Conta do resultado económico-patrimonial
- c) Estado de cambios no patrimonio neto
- d) Estado de fluxos de efectivo
- e) Estado de Liquidación do orzamento
- f) Memoria comprensiva dos seguintes apartados:
  - Organización e actividade.
  - Xestión indirecta de servizos públicos, convenios e outras formas de colaboración.
  - Bases de presentación das contas.
  - Normas de recoñecemento e valoración.
  - Inmobilizado material.
  - Patrimonio público del solo.
  - Inversións inmobiliarias.
  - Inmobilizado intanxible.
  - Arrendamentos financeiros e outras operacións de natureza similar.
  - Activos financeiros.
  - Pasivos financeiros.
  - Activos construídos ou adquiridos para outras entidades e outras existencias.
  - Transferencias, subvencións e outros ingresos e gastos.
  - Provisións e continxencias.
  - Información sobre medio ambiente.
  - Activos en estado de venda.
  - Presentación por actividades da conta del resultado económico patrimonial.
  - Resumo do desenvolvemento do proceso de xestión dos recursos.
  - Operacións non orzamentarias de tesouraría.
  - Contratación administrativa.
  - Valores recibidos en depósito.
  - Información orzamentaria.
  - Indicadores financeiros, patrimoniais e orzamentarios.
  - Información sobre el custe da entidade
  - Acontecementos posteriores ao peche.
  - Estado de Conciliación Bancaria.
  - Balance de Comprobación.

Ás contas anuais acompañase a seguinte información complementaria:



- a) Acta de arqueo a fin de exercicio.
- b) Certificacións de cada entidade bancaria dos saldos existentes nas mesmas a fin de exercicio.

Segundo.- Dispoñer a súa exposición pública por un prazo de 15 días, durante os cales e 8 máis, os interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións, de acordo co disposto no artigo 212.3 do TRLRFL.

Terceiro.- Sometela ao Pleno da Corporación transcorrido o dito prazo. De presentárense reclamacións, será preciso un novo informe desta Comisión antes da remisión ao Pleno para a súa aprobación definitiva.

Cuarto.- Remítala ao Tribunal de Contas atendendo ao modelo e formato normalizado recomendado pola Resolución de 13 de novembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se recomenda un novo formato normalizado da Conta Xeral das Entidades Locais en soporte informático para a súa rendición, e que responde ao esquema de ficheiro formato “xml”, remitíndose telemáticamente a través do portal de rendición de contas.

Logo de estar exposta ao público e non se presentar ningunha reclamación, posta a votación apróbase con dez votos a favor do PP e do PSdeG-PSOE e dúas abstencións do BNG.

### **3.- Ratificación, se procede, de Resolucións da Alcaldía de modificación de ordenanzas fiscais como consecuencia da situación de crise ocasionada pola COVID-19.**

Dáse conta do informe de Comisión especial de economía no que di:

“Vista a declaración do estado de alarma decretado polo Goberno mediante o Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, publicado no Boletín Oficial do Estado núm. 67 do 14 de marzo de 2020.

Visto o informe da traballadora social do concello de Vedra e co obxecto de garantir a cobertura máis inmediata das necesidades básicas de persoas e familias que se están a ver máis prexudicadas pola crise social xerada pola pandemia da COVID-19 e que precisan de resposta urxente,

#### **RESOLVO:**

A aplicación da Ordenanza de emerxencia social (BOP núm. 92, de 16 de maio de 2018) de forma flexible en canto ás contías establecidas e documentación requirida, así como a simplificación do procedemento co propósito de proceder coa máxima dilixencia e cobertura da necesidade social.

A articulación desta excepcionalidade efectuarase segundo a valoración técnica e a proposta do/a traballador/a social do departamento de Servizos sociais comunitarios, que elaborará o informe social preceptivo coa proposta correspondente. Deste xeito a



duración da excepcionalidade entenderase en tanto persistan as situacións de crise social actual.”

Proponse ao Pleno:

Primeiro.- Ratificar a citada Resolución da Alcaldía.

Segundo.- Someter a información pública o anterior acordo mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de anuncios da Casa do Concello, durante un prazo de trinta días hábiles, contados a partires do día seguinte ao da publicación do mesmo, para que os interesados poidan examinar o correspondente expediente e presentar as alegacións oportunas.

Terceiro.- No caso de que non se presenten alegacións ao expediente no prazo anteriormente citado, o acordo entenderase definitivamente aprobado sen necesidade de acordo plenario, de conformidade co artigo 17.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004.

Posta a votación a citada Resolución, apróbase por unanimidade dos asistentes.

Así mesmo, dáse conta da Resolución da Alcaldía núm. 275/20, de data 16 de xuño:

“Atendendo ao disposto na Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade e ao Real Decreto Lei 21/2020, de 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, debemos adoptar as medidas oportunas para garantir o cumprimento das restricións establecidas nas dependencias municipais.

Este concello regula a taxa pola prestación do servizo da piscina municipal, coa ordenanza fiscal número 19, publicada definitivamente no BOP da Coruña núm. 99, do día 28 de maio de dous mil dez, que debe ser modificada provisionalmente e con carácter urxente como medida de control e adaptación das ditas restricións establecidas.

Baseándome nas competencias que me outorga o artigo 21.1.g da Lei de Bases de Réxime Local e demais aplicacións para o efecto

RESOLVÍN:

PRIMEIRO.- Modificar, provisionalmente, o artigo 5º, da ordenanza fiscal nº 19, reguladora da piscina municipal, quedando redactado do seguinte xeito:

“ [...] Epígrafe 1º.- Piscina

*1) Non abonado: Por entrada diaria de cada persoa.*

-Ata 6 anos de idade:

Empadroados no concello cun mínimo de un ano de antigüidade: 0 euros.

Restantes: 1 euro.

-Maiores de 65 anos co carné da 3ª idade.

Empadroados no concello cun mínimo de un ano de antigüidade: 1 euro.

Restantes: 2 euros.

-Menores de 18 anos:

Empadroados no concello cun mínimo de un ano de antigüidade: 1 euro.

Restantes: 2 euros.

-Maiores de 18 anos:

Empadroados no concello cun mínimo de un ano de antigüidade: 2 euros.

Restantes: 3 euros.



As persoas dependentes, así como os acompañantes daquelas que precisen de atención de terceiras persoas e que utilicen as instalacións para realizar os exercicios de estimulación, sempre que se xustifique esta condición debidamente, terán o acceso gratuíto.

*II) Bonos.*

Só empadroados no concello cun mínimo dun ano de antigüidade:

- Menores de 18 anos:
- Bono de 12 baños: 6,00 euros.
- Bono de 20 baños: 8,00 euros.
- Maiores de 18 anos:
- Bono de 12 baños: 10,00 euros.
- Bono de 20 baños: 15,00 euros.

Suspéndense este ano as tarifas dos bonos para non empadroados e os puntos III) , IV) e V) de abonos e cursos de natación, xa que estas modalidades dificultan as limitacións do aforo máximo.”

SEGUNDO .- Ratificar esta resolución na vindeiro Pleno.”

Proponse ao Pleno:

Primeiro.- Ratificar a citada Resolución da Alcaldía.

Segundo.- Someter a información pública o anterior acordo mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de anuncios da casa do concello, durante un prazo de trinta días hábiles, contados a partires do día seguinte ao da publicación do mesmo, para que os interesados poidan examinar o correspondente expediente e presentar as alegacións oportunas.

Terceiro.- No caso de que non se presenten alegacións ao expediente no prazo anteriormente citado, o acordo entenderase definitivamente aprobado sen necesidade de acordo plenario, de conformidade co artigo 17.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004.

Posta a votación a citada resolución apróbase con sete votos a favor do PP e cinco votos en contra do PSdeG-PSOE e BNG.

A Presidencia sinala que son unhas modificacións vinculadas á COVID-19 e no momento en que desaparezan as circunstancias relacionadas coa pandemia, volverase á situación anterior.

**4.- Acordo, se procede sobre a designación dos festivos locais para o ano 2021.**

Dáse conta do informe da Comisión informativa de asuntos xerais do 28 de setembro no que de cara á aprobación do calendario laboral do vindeiro ano, propónse ao Pleno:

Designar como festivos locais deste concello para o ano 2021 o 20 de setembro (Festa do Patio) e o día 10 de decembro (Día de Santa Baia).

Dona Beatriz Amenal do PSdeG-PSOE, di que o seu grupo vaise abster xa que as distintas propostas que presentaron foron rexeitadas.

O Sr. Pose do BNG di que lle gustaría saber que faría o grupo de goberno se cambiara o equilibrio de poboación do concello, porque cre que o fan por un cálculo de votos. Por



outro lado se hai unha festa que identifica ao Val do Ulla é o Entroido, e seguen sen ter un festivo nesas datas.

Posta a votación a citada proposta, apróbase con sete votos a favor do PP e cinco abstencións do PSdeG-PSOE e BNG.

#### **5.- Acordo, se procede, sobre elección de Xuíz de Paz Titular de Vedra.**

Dáse conta do informe da Comisión informativa de asuntos xerais do 28 de setembro, no que vista a comunicación remitida polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia interesando o inicio de expediente para a elección de Xuíz de Paz Titular de Vedra, vacante por falecemento de don Arturo Cajaraville Gómez.

Visto que de acordo cos artigos 99 e 103 da Lei Orgánica 6/1985, do Poder Xudicial e o Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos Xuíces de Paz, por Resolución da Alcaldía núm. 109/20, de data 21 de febreiro, aprobouse a convocatoria da citada praza, publicándose con data 27 de febreiro no BOP núm. 39/20, no Taboleiro de anuncios da casa do concello e na páxina web municipal, presentándose catro candidatos, segundo certificación que consta no expediente.

A Presidencia di que había catro candidatos, dous homes e dúas mulleres, e como xa expuxo dende hai anos, entende que para o posto de Xuíz de Paz Titular, aquelas persoas que estean activamente ou non en política, pero que si significaron politicamente sexan do partido que sexan, non deben ocupar ese cargo.

Dos catro candidatos, hai dúas persoas que foron concelleiros, e ao equipo de goberno e ao Alcalde non lle parecen os candidatos idóneos para ocupar o posto polo que significaron politicamente no seu momento, do mesmo xeito que calquera dos presentes agora no pleno. Quedaban dúas opcións, e unha das candidatas ten coñecemento e formación en dereito e parécelles a candidata idónea. A outra candidata queda como suplente, que non ten nada que ver con ser substituto.

Intervén o Sr. Secretario para dicir que sempre se nomea unha persoa suplente porque pode haber unha renuncia ou pode estar traballando nun posto que non lle sexa compatible.

A Presidencia di que a proposta do grupo de goberno é a de dona María Suárez García como titular e de Ana María Cobas Fernández como suplente.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que segue sen quedar claro o tema do suplente, xa que non é a primeira elección de Xuíz de Paz á que asiste e non recorda que se nomeara un suplente en ningunha das anteriores. En caso de que esa persoa renuncie, entende que a cubre o substituto ata unha nova elección de Xuíz de Paz. Pregunta para que está o substituto entón.

O Sr. Secretario di que o Tribunal Superior de Xustiza comunicoulles que había que proceder a unha nova elección ao posto tralo falecemento do titular.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, pregunta por que dende o falecemento do anterior titular exerceu o substituto e non había un suplente.





Intervén a Presidencia para aclarar que cando se escolleu por primeira vez a Eloy como substituto, tamén se elixiu como suplente do substituto a Percy Arturo Rodríguez Ledesma.

O Sr. Secretario di que o 13 de febreiro recibíuse un oficio do TSXG, no que lles indican: “En cumplimiento de lo acordado por el Sr. Presidente le comunico que hallándose vacante el cargo de Juez de Paz Titular de ese municipio por fallecimiento de don Arturo Cajaraville Gómez, acordó oficiar a ese ayuntamiento a fin de que se inicie nuevo expediente para elegir Juiz de Paz titular en el plazo de 3 meses”

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, segue sen ter claro o de substituto e suplente, e ata o de agora as indicacións do TSXG non se estaban levando a cabo.

Sínálalle ao Sr. Secretario que na acta da comisión informativa que acaba de ler non constan exactamente as palabras que dixo o Sr. Alcalde, e que lle pediu que incluía.

Non se trata de que non sexa coñecida no concello a persoa que propón o Sr. Alcalde, trátase de que o Sr. Alcalde dixo na comisión informativa que non a coñecía e tampouco ninguén dos alí presentes.

A candidata proposta polo Sr. Alcalde é de San Xián, non se criou nesa parroquia e é familiar do Alcalde de Boqueixón. Cre que votar a favor de alguén que non coñece e a quen non coñecen no concello, é difícil, cando nas bases se pedía que tivese un coñecemento amplo do concello; sobre todo tendo en conta que ao Sr. Eloy Iglesias si o coñece a xente do concello de cando formou parte da política municipal e se implicou socialmente e non hai ningún artigo na lei que lle impida a persoas que estiveran implicadas nun sindicato ou nun partido político, presentarse a un cargo destas características.

Cre que é unha motivación que se lle ocorreu á Presidencia porque ten que colocar a esa persoa nese posto, e o seu grupo pensa que a elección desa persoa está dirixida, aínda que non ten nada en contra nin a favor da candidata proposta.

Intervén o Sr. Pose Rodríguez do BNG para dicir que o seu grupo vaise opoñer. Por outro lado cre que a expresión “forte compoñente política” é unha bobada, porque segundo o grupo de goberno ter unha forte compoñente política incapacita para exercer un cargo público como o de Xuíz de Paz. Iso é como se dixese que ter unha forte compoñente relixiosa inhabilita á Presidencia para ser Alcalde.

O que lle están dicindo aos veciños é que alguén que se dedicou á política uns anos, fixo algo malo na súa vida e está excluído da acción social de ser Xuíz de Paz. Cre que deberían xustificar a elección doutra maneira, pero non desa. Se lle pregunta aos veciños, cre que non hai ningún que pense que se vai elixir a outra persoa que non sexa o Sr. Eloy e van cambiar unha persoa que coñece o concello (como está recollido nas bases), que coñece ás familias do concello e que non ten inimigos, por unha persoa que se foi do concello aos 13 anos e á que ninguén coñece nin coñece aos veciños do concello. Parécelle un insulto a decisión que toman.

A Presidencia replícalle aos grupos do PSdeG-PSOE e BNG que xa empeza a cansar o uso de frases como “vostede ten que colocar a esa persoa aquí” ou “está teledirixido”. Di que fan esas afirmacións de maneira absolutamente gratuíta, son falsas e non as vai permitir. O PP non ten nin maior nin menor interese nunha persoa para que sexa Xuíz de Paz, e persoalmente o Alcalde non fixo ningún movemento, e se teñen probas do contrario, deben facelas saber.



Reafírmase que neste caso cre firmemente que non debe ter ningún compoñente político e recórdalle que o Sr. Eloy estivo algúns anos con dedicación exclusiva no concello.

En calquera caso, entende a postura e a defensa do PSdeG-PSOE, pero non a do BNG porque as veces que se escolleu Xuíz de Paz substituto de Vedra nos anos 2014 e 2018, o BNG abstívose e non votou a favor desa persoa. Tamén lle sorprende a negativa do BNG porque a proposta do PP case coincidía, polo menos nas formas, cunha proposta para Xuíz de Paz titular que o BNG presentou no ano 2016 (muller moza, con formación e veciña de Vedra). O BNG na comisión informativa do 17/03/2016 propoñía a “unha muller por discriminación positiva de sexo e xuventude que lle pode dar unha visión distinta ao cargo da actual, tendo formación suficiente para o cargo e sendo veciña de Vedra”.

Insiste en que as dúas persoas candidatas que se presentaron e teñen unha compoñente política, unha do PSdeG-PSOE e outra do PP, entende que ningún pode ser o cargo de Xuíz de Paz Titular.

O Sr. Pose Rodríguez do BNG replica que esa persoa que propón o grupo de goberno foise de Vedra aos 13 anos.

Efectivamente o Sr. Eloy viviu da política porque tivo unha dedicación exclusiva igual que ten agora o Sr. Alcalde e pregunta se ese é motivo para estar inhabilitado para ser Xuíz de Paz. A maioría da xente pensa que ter unha forte carga relixiosa ou política non inhabilita para nada, e segundo os argumentos da Presidencia podería chegar á conclusión de que tampouco o Sr. Eloy nin o Sr. Alcalde poderían ser presidentes dun club de fútbol ou dunha asociación de veciños.

A Presidencia dille que non debe confundir termos nin intencións, e preguntalle a cal dos dous candidatos con compoñente política votaría o BNG, xa que son os dous de Vedra, coñecen Vedra e están implicados socialmente no concello.

replica o Sr. Pose Rodríguez do BNG dicindo que o problema é que o PP inhabilita aos dous candidatos porque simplemente participaron en política.

A Presidencia resposta que esas dúas persoas non se exclúen da valoración, simplemente non son os candidatos do grupo de goberno por esa compoñente política e cre que a percepción da xente de Vedra sobre a compoñente política deses dous candidatos, non vai cambiar para un posto como o de Xuíz de Paz titular.

O Sr. Pose Rodríguez do BNG di que lle irrita o discurso de que a acción política é algo malo, sobre todo cando vén de persoas que viven da política, como é o caso do Sr. Alcalde.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que o Sr. Eloy neste momento é o Xuíz de Paz substituto, e se era válido como substituto, entende que tamén é válido como titular. O que lle parece grave é que propoña a unha persoa que non coñece e por iso entende que é unha decisión dirixida.

Di que o seu grupo vai modificar o seu voto e votará en contra.

Intervén dona Yolanda Vieiro do BNG para dicir que ela si coñecía á candidata, mesmo foron compañeiras de clase ata os 13 anos, momento no que se foi para Santiago.





Cre que para ser Xuíz de Paz hai que coñecer á xente do concello, e ao Sr. Eloy e a outras persoas desa lista coñéceas moita máis xente. Considera que un Xuíz de Paz ten que ser coñecido polos veciños porque é un posto de confianza para os veciños, e se ninguén coñece a candidata non lle van contar nada. Por outro lado cre que o posto de Xuíz de Paz é un posto que esixe presenza e moito traballo e non sabe se dentro duns anos a candidata se manterá no posto.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, lembra que nunha conversa co Sr. Secretario a última vez que estiveran nesta tesitura, presentábase xente cun perfil similar á candidata do grupo de goberno. Unha das cousas que dixera o Sr. Secretario foi que precisaban unha persoa que perdurase no tempo e non alguén que á primeira oportunidade deixase o posto vacante.

O Sr. Secretario di que non falaban de xuíz titular, senón de xuíz substituto. Lembra que había un persoa que se presentaba que era de Santa Marta de Ortigueira. Por outro lado, ningunha das persoas que se presenta agora está inhabilitada para facelo. Só hai candidatos con máis condicións ou menos e calquera deles pode impugnar a elección se considera que hai algunha cuestión inxusta.

O artigo 13 do regulamento do Xuíces de Paz dispón: “ Podrán ser nombrados Jueces de Paz, tanto titulares como sustitutos, quienes, aun no siendo licenciados en Derecho, reúnan los requisitos establecidos en la Ley Orgánica del Poder Judicial para el ingreso en la Carrera Judicial, excepto los derivados de la jubilación por edad, siempre que ésta no suponga impedimento físico o psíquico para el cargo”.

Segundo o artigo 23 “Los Jueces de Paz no podrán pertenecer a partidos políticos o sindicatos, o tener empleo al servicio de los mismos y les estarán prohibidas las actividades comprendidas en el artículo 395 de la Ley Orgánica del Poder Judicial.”

Simplemente está recollendo o que pon o regulamento. Se os trece concelleiros hoxe presentes no Pleno votasen ao Sr. Eloy, algunha das persoas candidatas podería recorrer ante o TSXG.

A Presidencia recrimina a dona Beatriz Amenal que non pode dicir que é unha proposta dirixida polo Sr. Alcalde.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, resposta que tampouco debe eliminar o grupo de goberno a dúas persoas que tiveron unha afiliación política no pasado, e fano. A súa opinión e que está dirixido o nomeamento.

A Presidencia di que a opinión do grupo de goberno pode ser compartida ou non, pero no senso de que dous dos candidatos foron concelleiros dun partido. Ese é un dato obxectivo e entende que 2 persoas que foron concelleiros non poden ser Xuíz de Paz. Cando di a voceira do PSdeG-PSOE que está dirixido, iso non é un dato obxectivo. É unha acusación ás que se están habituando a facer e non o vai permitir.

Posta a votación a citada proposta, apróbase con sete votos a favor do PP e cinco en contra do PSdeG-PSOE e BNG.



**6º.- Acordo, se procede, sobre moción do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE polo sobre custe dos gastos de limpeza e desinfección dos centros educativos de titularidade autonómica para os concellos.**

Dáse conta da moción presentada polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE na que expoñen que con motivo da pandemia do COVID-19 impóñense unha serie de obrigas mínimas no que respecta ás medidas xerais de limpeza e desinfección dos centros educativos, que serán reflectidas nos protocolos que deben aprobarse polos centros educativos, pasando a formar parte do chamado *Plan de Adaptación á Situación COVID-19 no curso 2020/2021*.

Logo de numerosas queixas e dúbidas trasladadas polos concellos da Coruña á Deputación Provincial, á asesoría xurídica do ente provincial emitiu informe, a pedimento do Presidente, no que conclúe que a competencia de limpeza e desinfección dos colexios para cumprir cos protocolos de prevención do COVID-19 correspóndelle á Xunta de Galicia.

Polo que solicitan ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Instar á Xunta de Galicia a cumprir coas súas obrigas e responsabilidades no ámbito sanitario e educativo, dispoñendo dos medios materiais e persoais e dos recursos económicos que sexan precisos para garantir que a volta á clase e o curso académico poida desenvolverse de xeito presencial, segura e con calidade.

Segundo.- No caso de que a Xunta de Galicia decida encomendarlle ás entidades locais novas funcións e responsabilidades en materia de conservación e mantemento dos centros educativos, proceda á delegación formal das mesmas e realice a correspondente consignación orzamentaria para sufragar tales gastos.

Terceiro.- Instar á Xunta de Galicia a que proceda á compensación dos sobre custes que os concellos están a soportar como consecuencia dos gastos de limpeza e desinfección dos centros educativos.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, expón que debido a como foi o comezo do curso e visto que o Goberno do Estado puxo a disposición de Galicia 93 millóns de euros para atender as necesidades dos centros educativos, aos centros educativos de Vedra non lles chegou aínda nada e estanse facendo cargo de todo. Espera saber nalgún momento canto lle corresponde a este concello e que se reclamen eses cartos. Solicita o apoio á moción.

A Presidencia di que a Consellería de Educación ten a intención de asumir eses custes nos centros que sexan da súa titularidade. Por outro lado, é certo que o concello asume os gastos de limpeza e que despois a Xunta abona unha subvención específica para ese gasto e este ano pola COVID-19 vaise incrementar ese gasto.

A normativa establece que nos centros de titularidade municipal debe ser o concello quen asuma eses gastos, aínda así o concello vai solicitar unha compensación por eses gastos.



Cre que a moción é boa para o concello e para os veciños, por iso o seu grupo se vai abster para que a moción saia adiante.

Posta a votación a citada moción, apróbase con cinco votos a favor do PSdeG-PSOE e BNG e sete abstencións do PP.

### **7º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.**

-- Ás preguntas formuladas por dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre a Aula Cemit, di que é unha opinión que non comparte.

2º.- Respecto ao arranxo dunha fochanca que hai subindo cara Quintáns, di que xa está arranxada.

3º.- Sobre a relación dos espazos públicos dotacionais existentes en cada parroquia, contesta que existe un inventario municipal que se pode consultar e pronto traerán a Pleno a actualización do mesmo.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que o sentido da pregunta é que espazos públicos ten o concello en cada parroquia.

A Presidencia responde que o parque infantil que hai en San Xián foi feito polo concello no seu momento e o mantemento correspóndelle ao concello. Non é o que lle gustaría ao concello, xa que é un parque moi pequeno que non dá o servizo que precisa esa parroquia.

Tamén é certo que desde este grupo de goberno se foron creando parques infantís nos últimos anos en distintas parroquias (Ponte Ulla, Santa Cruz, San Fins, Vilanova e Vedra). Existe esa débeda con San Xián, e é debido a que non dispoñen de terreos para afrontar a construción. Cre que todo o mundo está de acordo no lugar de emprazamento. Tiveron reunións coa asociación de veciños tratando de atopar solucións e ata o momento non foi posible.

Quere facer constar que os veciños de San Xián saben cales son as dificultades con ese solo público e que no seu momento houbo unha oportunidade cando gobernaba o PSdeG-PSOE.

Calquera proposta factible vana estudar e verana con bos ollos e comprométese a convocar en outubro á asociación de veciños e aos representantes dos grupos políticos a ter unha xuntanza e falar do tema para ver as posibilidades que hai.

-- Ás preguntas formuladas por dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre o arranxo de pistas, di que é un rogo.

2º.- Respecto ao uso da imaxe da concelleira dona Susana García, di que fai unha serie de consideracións e acusacións sen fundamento ningún en relación ao seu labor como concelleira. Tanto a Presidencia como o grupo de goberno están contentos e satisfeitos co labor realizado como concelleira.

Cre que iso é unha cuestión de cortesía e elegancia cando unha persoa lle di a outra que non utilice a súa imaxe e se insiste no tema daralle unha resposta xurídica.

3º.- Sobre o tríptico SOY VEDRA, cédelle a palabra ao Sr. Costa Carneiro que di que



a versión en castelán desta guía de Vedra non a editou o goberno socialista de Odón Cobas, como sinalou.

Debe informarse mellor antes de facer tales afirmacións no Pleno, aínda que si editou outras en galego, unha en inglés e tamén en castelán.

Pero esta campaña de turismo deseñouse na primeira lexislatura de goberno deste alcalde do PP. Máis concretamente, presentouse na Festa do viño, en San Miguel de Sarandón, con folletos e máis uns paneis que ilustraban as casetas e representando os eixes temáticos da guía. Se as quere, é moi probable que aínda haxa probas gráficas do mesmo ademais doutra documentación que o pode acreditar, para que non teña ningunha dúbida.

Fíxose en galego e traducíuse logo ao castelán e ao inglés. Editouse en galego e en castelán, pode velos porque aínda quedan exemplares.

A esta campaña ademais das guías turísticas (folletos) acompañárona outros produtos, todos na liña da campaña: SON VEDRA, lonas, anuncios, carteis, casetas de turismo, etc.

Despois desta campaña viñeron outras, entre elas “Vedra de cores”, pero a campaña SON VEDRA, na que o concello se presenta e se define, gustou moito ao público en xeral e ás empresas e reeditouse, actualizando os materiais, hai uns anos.

E por certo, no folleto de castelán - que pon literalmente **guía-mapa turístico**- non di SOY FESTERA, senón “Soy Festeira”, porque se recorre a un termo en galego que aparece entre comiñas por non atopar o literal en castelán e querer resaltar toda a magnitude do termo galego. Ata o de agora non xerou polémica ningunha, e entendíamos que todo o mundo era capaz de comprendelo.

Lémbrales un montón de normativa, que asumen, respectan e cumpren, como non podería ser doutro xeito.

Pregúntalle quen lle dixo realmente que incumprían con ese folleto toda esa ladaíña de normativa ou se esa conclusión é da súa autoría.

De ser o caso de que llo dixeron, prégalle que o valoren de novo, pois pensa que están moi equivocados ou equivocadas e non deberían vir a un pleno acusándoos de non cumprir coa lei e do deber que teñen coa lingua galega os galegos e galegas.

Afirmar, como vostede afirmou que “coa edición, impresión e difusión deste tríptico o concello de Vedra está a incumplir : A Constitución Española, o Estatuto de Autonomía de Galicia, a Lei de normalización lingüística de Galicia, o Plan Xeral de normalización da lingua galega, a Lei de Administración local de Galicia; é moi grave e moi imprudente.

O folleto en versión castelán que trouxo a este pleno, que por certo ao mellor non lle interesaba traer o da versión en galego, é o que lle acaba de dicir: unha guía turística, guía que moitos dos nosos establecementos nos piden mellor en castelán, seguramente pensando nos visitantes de fóra de Galicia e exemplares que distribuímos tamén nas campañas e feiras de fóra da Comunidade.

A crítica ben fundamentada considéraa boa e necesaria para o funcionamento da democracia e das institucións, pero a crítica tamén debe empezar por un. Acusa ao grupo de goberno de incumplir moitas leis pola edición dunha guía turística en castelán. Supón que tamén llo comunicaría aos concellos do PSdeG-PSOE, algúns deles históricos, como son o caso de Caldas de Reis ou Oroso que tamén teñen guías turísticas en castelán, por non falar de Santiago, Coruña ou Lugo.

Asegúralle que pode quedar tranquila, xa que coa publicación esta non plaxiaron a ningún, non incumpiron as leis e respectaron a todo o mundo.



4º.- Sobre o inicio de expediente sancionador a Ana Naya García, S.L, a Presidencia contesta que esa empresa non vai seguir coa xestión da Escola Infantil Municipal, xa que perdeu a concesión. En calquera caso, respecto das súas reclamacións, di que o pasado 22 de xuño envioulle a resposta que dera a empresa Cativos ao requirimento feito por parte do concello en virtude das preguntas e dúbidas que formulaba.

5º.- Respecto aos os restos dos contedores queimados, cédelle a palabra ao Sr. Vázquez Martínez que di que foron tres. Sospeitan que dous foron por actos de vandalismo e outro por un despiste duns veciños. Agora mesmo dous deles están repostos e o outro farase en breve.

6º.- Sobre as preguntas formuladas sobre o CPI de Vedra e á ANPA de Ortigueira, a Presidencia contesta que el estivo en dúas ocasións na ANPA e en ningunha delas foi tesoureiro e no momento en que se asinou o convenio de madrugadores non formaba parte dela.

Respecto ao CPI de Vedra, cédelle a palabra ao Sr. Costa Carneiro que di que reitera a súa resposta e afirma que non hai incumprimento. Como ben sabe, estábanse a facer as obras de ampliación e reforma dese centro. Intentouse, como xa explicou en reiteradas ocasións, que a empresa adxudicataria reparase estas lousas por razóns de operatividade, xa que estaban traballando alí, e de custe. O que asumise a Xunta (aínda que as obras de conservación son obriga do concello, aforraríanse os cartos dos veciños e veciñas.

A empresa reparou varias pero aínda quedaron algunhas que, como xa comentou no pleno e no CPI, se encargaría o concello. Estes danos, segundo parece, son debido a que as antigas tubaxes do edificio vello, xa inutilizadas, se van deteriorando e provocan estes danos. Danos que van aparecendo pouco a pouco e aínda que se reparen nun lado aparecen noutro por onde pasa a tubaxe.

Despois de falar de novo co director do centro no verán, tiñan a idea de reparar coa brigada ou contratar a unha empresa e quedaron en ver de acometer as obras cunha empresa contratada pola Consellería, tal como se quedou co xefe de servizo de construcións da Consellería. Xa non son lousas puntuais senón que xa comezan a aparecer en varios treitos da liña e que conviría facer en períodos de vacacións sen alumnado no centro.

Respecto ás fontes de auga de KM0, consultado este tema co centro educativo, infórmalle de 2 cousas:

1º.- Respecto do mal olor e sabor da auga municipal, informáronlle que parece ser que ao principio aconteceu isto e que se revisou por parte de Viaqua. Fora nas datas posteriores á conexión á rede municipal e cumpre con todos os parámetros ao igual que a que chega por esta rede a todas as familias conectadas.

2º No caso da colocación desa fonte dunha empresa, a dirección do centro di que dada a situación da COVID-19, non o consideran, que cando pase esta situación valorarase.

7º.- Sobre a convocatoria de bolsas de emprego temporal, di que hai que volver a convocalas, pero a situación da pandemia está a retrasar todo o proceso.

8º.- Respecto do informe da piscina municipal coa relación de usuarios medios da piscina no verán de 2019 e 2020, a relación de importes facturados por bonos en 2019 e 2020, a recadación da cafetería en 2019/2020, ademais dos gastos da piscina, canto lle custou ao concello a piscina no verán 2019 e 2020 descontando a subvención de





contratación de socorristas que este ano ascendeu a 7.000 €, a Presidencia di que o número de usuarios no ano 2019 foi de 3.221 e no 2020 de 736, o que supón unha baixada dun 78%.

En canto á facturación global, no ano 2019 foron 3.992 € e no 2020 foron 925 €. En relación aos abonos no ano 2019 foron 1.320 € e no ano 2020 non houbo eses abonos.

Recorda que eses abonos, fundamentalmente familiares, non os houbo no 2020 debido á limitación de aforo. O grupo de goberno non quería que un número limitado de familias cubriaran o aforo máximo da piscina e quedara esta bloqueada.

A análise había que facela a priori, non a posteriori, e en principio non sabía como ía suceder no verán. A baixada de abonos no ano 2020 non ten nada que ver con que houbera ou non abono familiar. Foi unha baixada xeneralizada. Mesmo concellos de todas as cores políticas do sur da provincia de Pontevedra uníronse para decidir non abrir as piscinas municipais.

En Vedra houbo moita xente que optou por ir ao río e pola información que ten a afluencia a Agronovo foi das máis altas dende que funciona.

Por outro lado, nos abonos de 12 e 20 baños aumentouse a idade de 14 a 18 anos e houbo unha baixada dun 70% o que demostra que non foron á piscina debido á COVID-19, non porque non existise o abono familiar.

Non lle pode dar os datos da cafetería porque iso é unha cuestión que non ten que ver co concello senón coa empresa que xestiona a piscina.

En canto aos gastos da piscina sen contabilizar as subvencións estes foron:

2019: 21.283,10 € incluíndo a subministración eléctrica.

2020: 19.865,10 € sen incluír o gasto de inversión de 13.000 €.

Non contabiliza os ingresos das subvencións, pero dedúcese destes gastos os ingresos que houbo por pago de tickets, taxas, etc. No ano 2019 houbo un déficit de 17.291 € e no ano 2020 de 18.940 €.

En conclusión, a xente non quixo usar a piscina este verán pola COVID-19 e houbo unha baixada preto do 80% do uso da mesma.

Recórdalle que leva un ano chamándolle ineptos, ineficaces etc. ao grupo de goberno e pregúntalle se o grupo de goberno con oito concelleiros son ineptos, como se deberían cualificar os do PSdeG-PSOE con só tres concelleiros.

Dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, pregúntalle cal foi o aforo da piscina, se de 25 ou 50 persoas.

9º.- Sobre a difusión das imaxes de menores nas actividades culturais levadas a cabo polo concello de Vedra ao longo do verán, a Presidencia responde que cumpre coa normativa vixente en protección de datos, posto que no momento da inscrición en liña nas actividades as persoas solicitantes (pais, nais, titores, etc.) debían marcar expresamente a autorización para o uso da imaxe dos menores.

Replica dona Raquel Sangiao que lle pode facilitar unha captura de pantalla onde non solicitaban a autorización e que comezaron a poñelo despois da súa denuncia.

A Presidencia di que puido haber algún erro nalgún caso, pero o consentimento é explícito e conforme á Lei de protección de datos e ao regulamento europeo. En calquera caso, hai unha instrución da axencia de protección de datos que di que se a foto é de grupo e non busca a distinción de ninguén, non se trata como dato persoal polo que podería publicarse polo interese público. Rógalle que se coñece a alguén que se sentira molesto por este tema que o poña en contacto co concello.





Dona Raquel Sangiao di que non é a primeira vez que publican fotos de menores, xa que a ela mesma lle aconteceu na piscina hai uns anos e é un erro repetitivo.

10º.- Respecto do estado dos ascensores nos locais públicos, a Presidencia cédelle a palabra ao Sr. Vázquez Martínez que di que nestes momentos hai sete ascensores instalados en edificios públicos do concello. Tres deles están adaptados á normativa vixente e funcionando con normalidade, pero os outros catro (pavillón, biblioteca, casa da cultura de Santa Cruz e estación de Santa Cruz) incumpren a normativa vixente porque máis que ascensores, polo que de din os técnicos das empresas, son elevadores. Xa hai tempo que están mirando con diferentes empresas se habería a posibilidade de adaptalos á normativa ou se habería que desfacerse deles e instalar uns novos. Algúns deles son de distintos fabricantes e teñen moitos anos e as empresas non se comprometen a facelo nin ofrecen moitas garantías. Houbo unha empresa que despois de facer varias consultas na Consellería de industria presentou unha posible solución para tres deles, que consiste en cambiar e instalar distintos mecanismos e elementos para adaptalos á normativa vixente. Solicitouse un presuposto e é posible que se incorpore a partida nos próximos orzamentos municipais.

No caso do elevador da biblioteca é imposible realizar ese arranxo, porque xa non existe o fabricante e non hai posibilidade de adaptación. Dado que a inversión é moi custosa, o concello intentará acceder ás axudas que hai para accesibilidade en edificios públicos.

Dona Raquel Sangiao pregunta a canto ascende o orzamento, e o Sr. Vázquez Martínez di que arredor dos sete ou oito mil euros.

11º.- Sobre o estado do expediente de sanción do SAF, a Presidencia di que está pendente de resolver o recurso presentado pola empresa.

12º.- Respecto da demanda do CEIP Ortigueira na que solicitan a reparación do edificio vello, das fendas do muro, do soportal do edificio novo, arranxos no ximnasio, a construción dun almacén debaixo das escaleiras do ximnasio para gardar o material deportivo e revisar o estado das escaleiras do colexio vello, a Presidencia cédelle a palabra ao Sr. Vázquez Martínez que di que o equipo de goberno mantén dende hai varios anos o compromiso coas diferentes direccións dos centros educativos do concello de ir pouco a pouco facendo melloras e obras de mantemento.

En relación á demanda á que fai referencia, todas esas melloras que trasladou no seu día o director do centro xa foron executadas e algunhas outras a maiores que foron xurdindo.

13º.- Sobre os rumores de que prometeu a construción dun polideportivo en Santa Cruz, a Presidencia respóndelle con outra pregunta de se son certos os rumores que din que vai dimitir por discrepancias coa súa compañeira de partido. Ese rumor do polideportivo non é certo e rógalle que a partires de agora non faga preguntas baseadas en rumores.

Dona Raquel Sangiao responde que non ten pensado dimitir e rógalle que tome nota porque no concello é necesario outro pavillón.

Lémbrale á Presidencia que lle falta por responder a pregunta que fixo en Pleno e solicitou por escrito referente á titulación non nominativa do persoal da Escola Infantil Municipal e pregunta se esa información non a ten do departamento de servizos sociais.

-- Ás preguntas de dona Yolanda Vieiro, do BNG, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre os problemas que houbo en Vilanova coas choivas, a Presidencia di que houbo problemas no verán e tiveron reunións cos veciños e coa empresa. Cónstalle que



xa se fixeron actuacións ao respecto e que Augas de Galicia ten aberto un expediente en relación a eses feitos.

2º.- Respecto aos os cursos de capacitación di que a idea é ofertalos o máis pronto posible.

3º.- Sobre as obras da escola unitaria de San Mamede di que falta a última fase por executar. Estiveron mirando coa USC un tema dun secadoiro de produtos que se alimentase por enerxía solar. Hai que facer unha serie de traballos que van encarecer esa última fase e a idea era encarala este ano. Coas limitacións da pandemia atrasouse todo así como a posibilidade de acceder a axudas para executalo. Intentarán que estea rematada para o ano 2021.

4º.- Respecto á calidade do roce das cunetas di que é un rogo do que toman nota.

### **8º.- Rogos e preguntas.**

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- A páxina web municipal no perfil do contratante debería levar a visualizar os contratos de obras e servizos que se están realizando no concello e cando se entra leva ao usuario á páxina web de contratación do Estado onde é case imposible buscar algo aínda tendo o número de expediente.

Roga que ademais de constar as obras ou servizos que están en trámite no concello, se é posible que se cree un enlace que os leve directamente a todos os documentos de cada obra.

2º.- Os contratos menores, como os publicados na última Xunta de Goberno, non están colgados en ningún sitio. Solicita que estean colgados na plataforma.

3º.- Na última Xunta de Goberno hai tres contratos menores adxudicados a Ferretería-Droguería El Sol. Pregunta a canto ascende cada contrato individualmente e en total. O mesmo pasa cos contratos adxudicados a Limpiezas Germania, S.L. Adxudicáronlle tres contratos de limpeza (CPI de Vedra, biblioteca e ludoteca). Pregunta a canto ascende cada un e o total dos mesmos e a súa duración.

Existen outros tres contratos de limpeza adxudicados a M. Baluja (Casa do concello, centro de saúde de Vedra e escolas unitarias) e pregunta cal é o motivo de ilo contratando individualmente.

Recórdalle que lle quedou por adxudicar a Casa do antigo xulgado, que está moi sucia e con malos olores.

Por outro lado dende o mes de abril era coñecedor da xubilación de dúas limpadoras e do procedemento de limpeza que se esixe agora nos centros educativos. Chega setembro e non sacaron o contrato a concurso a pesares de facerlle a pregunta por escrito o 28/08/2020.

Van tarde co tema da gardería, co SAF, coa limpeza etc. Pregúntalle que está a pasar no concello para este atraso continuo.

4º.- Respecto a que a limpadora que queda en activo vai ir atender o CEIP de Ortigueira nas tarefas de limpeza e desinfección e facer algúns labores de conserxe, pregúntalle onde está a RPT do concello que se aprobou hai pouco e onde está o Plan de igualdade. Gustaríalle saber se fose ao revés, se poñerían a limpar e desinfectar ao conserxe do CEIP.

Vai poñer este tema en coñecemento da representación sindical dos traballadores e se seguen sen tomar ningún tipo de medida ao respecto acudirá á inspección de traballo.



5º.- A Deputación de A Coruña sacou dos plans, o Rurino e o Relevo, e os prazos para presentalos finalizaron. Pregunta se se xestionaron a través do concello e que empresas optaron ás axudas.

A Presidencia contesta que si se solicitaron e agora mesmo hai unhas cuestións xurídicas entre a Xunta e a Deputación que se lle escapan ao concello.

6º.- Respecto á extensión da rede de auga potable quixera saber cal é o criterio para facilitarlla a uns veciños si e a outros non, xa que tiña entendido que terían preferencia aqueles que a pediran antes e non os que a solicitan no momento en que lles pasa por diante da casa. Nalgúns casos non está sendo así.

7º.- Pregunta cal foi este ano a incidencia da vespa velutina no concello.

8º.- Respecto ao plan para notificar a propietarios a limpeza das franxas de protección reguladas na Lei contra incendios forestais, cando se puxo en funcionamento comezouse por San Xián. Gustaríalle saber a que parroquia lle tocou este ano e parécelle urxente actuar no tramo da estrada que vai dende O Terrón cara San Fins.

9º.- Pregunta cal é a diferenza entre suplente e substituto do Xuíz de Paz.

10º.- Respecto á falta de espazo público en San Xián, a Presidencia di que se hai o terreo o concello fará o parque. Con iso xa contaba e do que se trata é de que o concello poña os cartos para ese espazo público igual que pon cartos para alugar a nave da estación a ADIF.

Cando a Presidencia di que houbo no seu momento unha oportunidade de facelo cando se construíu a casa de cultura, cre que xa lle sacaron bastante rédito político a esa situación e que se cre que é o momento, debe poñer os cartos para mercar a leira para os veciños de San Xián.

A Presidencia respóndelle se sabe cal é a parcela para poder preguntar.

Dona Beatriz Amenal di que hai varias e de feito ten algunha proposta. Existen opcións que non se exploraron nin valoraron.

Solicita que o concello compre a leira e faga o espazo público.

Dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- Cal é o resultado da reunión que mantivo o Sr. Alcalde coa Deputación sobre as estradas e se sabe algo da cesión da DP-8203.

2º.- Gustaríalle saber se a veciñanza de Vedra consumiu máis no comercio local a razón do programa “Hai Vedra”, porque se gastaron en premios 4.500 € que se cadra era mellor investilos en purificadores de aire para as aulas do concello. Se miraran os folletos do que fan outros concellos en favor da poboación para a loita contra a COVID-19, este concello daría pena.

3º.- Solicita que cando convoquen as axudas do transporte para o ensino haxa unha suba do 40%, que veñen sendo 40 €, dado que son para as familias con máis necesidade económica do concello e debido á COVID-19 teñen máis gastos.

4º.- Pregunta en que quedou a limpeza da fachada central do CPI de Vedra que saíu adjudicada e se ía facer antes do comezo do curso e non se fixo.

5º.- Solicita que o concello interceda para a retirada das bases das aulas modulares que hai no patio do CPI de Vedra.

6º.- Solicita que se corrixa a precariedade do servizo de limpeza do CPI de Vedra, xa que antes había 2 persoas pola tarde e agora hai unha persoa a xornada parcial e outra a xornada completa e hai 8 aulas máis, sobre todo neste ano onde a limpeza e desinfección son fundamentais.

7º.- Recorda que non están amañadas todas as lousas rotas. Roga que o fagan.



8º.- Respecto á compra de once pantallas de protección para a COVID-19 á empresa Ricarsat, pregunta se algún membro do equipo de goberno ten algún tipo de relación familiar ou comercial con esa empresa. Pregunta tamén por que non o fixeron cunha empresa local.

Tamén cre que é un malgasto de cartos levar certos vehículos municipais a talleres oficiais cando no concello existen máis de media ducia.

9º.- Pregunta que se fixo, que se está a facer e que se vai facer respecto da campaña “En negro contra a violencia” á que se adheriu o concello.

10º.- Quere saber cal foi o método para a contratación da nova monitora da ludoteca. Sospeita que é unha contratación a dedo e a administración pública non funciona así.

11º.- Cre que se debería ter un convenio de colaboración con Boqueixón no mantemento da ludoteca, polo menos na proporción de veciños de Boqueixón que sexan usuarios da mesma.

12º.- Falouse en Pleno da escasa actividade da Aula Cemit, e agora unha asociación vai cubrir ese papel. En Vedra hai un tecido asociativo tan grande porque teñen que cubrir os espazos que o concello non atende, como é o caso do curso de informática para adultos que vai realizar a Asociación Cultural San Campio.

13º.- Pregunta como van as reunións para a creación do Centro de Día.

14º.- Solicita o arranxo da varanda de madeira existente no local social de San Xián.

15º.- Pregunta quen fixo o folleto coa guía de empresas. Está moi mal feito xa que a letra é pouco lexible para persoas maiores, está xente que non é de Vedra e empresas que xa non existen.

O Sr. Pose Rodríguez do BNG, pregunta:

1º.- En Bazar existía unha lagoa delimitada no PXOM como espazo forestal en vez de estar como espazo de protección paisaxístico e o propietario dos terreos vendeu a madeira e esnaquizou a lagoa.

Solicita que o concello estude a posibilidade de localizar ao propietario da parcela e facer un convenio con el para a plantación de frondosas e poder recuperar ese hábitat.

2º.- Os folletos da Vía da Prata están en castelán, galego e inglés. Pregunta se tamén existen en portugués, e se non están solicita que se elaboren porque hai unha porcentaxe alta de cidadáns lusos que pasan por Vedra.

3º.- Durante o verán o uso que se fixo de Agronovo e a fervenza do río Pereiro foi moi alto, por iso solicita que se revise e estableza a estrutura do muíño que está pegado á lagoa no río Pereiro.

A principios de verán solicitou que se fixera unha praia fluvial en Agronovo e non se abriera a piscina. Ao final o tempo acabou por darlle a razón, e por iso solicita que se dea de alta como praia fluvial e se fagan intervencións sobre ese espazo agora que hai tempo de cara o verán que vén. Solicita que analicen a situación, que presuposten o proxecto de establecer Agronovo como praia fluvial con todos os servizos.

4º.- Roga que actualicen os equipos da Aula Cemit, porque xa estaban obsoletos hai dez anos.

Dona Yolanda Vieiro, do BNG, pregunta:

1º.- Pregunta se se pode visitar o arquivo histórico, que horarios ten, se hai que solicitar permiso e se abre exclusivamente para investigadores.

De ser así, solicita que o publiquen na web porque non figura en ningún lado.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



Tamén solicita que se poña na web a información de cantos lineais hai nese arquivo, as series máis importantes ou o cadro de clasificación.

2º.- Pregunta se xa está a traballar a técnica de turismo e se fai visitas guiadas a persoas de fóra do concello. De non ser así, solicita que se poidan ofertar ese tipo de visitas xa que teñen éxito noutros concellos similares.

Conclúe ao fío das vinte e tres horas.